

EINSA PRINT: XA ESTÁ BENÍ

No **2012**, Einsa, cuns **350 empregos directos nas Pontes**, comezaba a evidenciar os problemas derivados dunha **moi deficiente xestión empresarial** e presentaba un plan de reestruturación; entre outros aspectos, pretendía o despedimento de 29 persoas e unha rebaixa salarial do 7% para o conxunto do cadro de persoal, coa escusa de afrontar as perdas económicas dos catro anos anteriores (crise, diminución de contratos e clientes, ...) e as dificultades financeiras consecuencia dos **préstamos da Xunta** (3,64 millóns de euros con vencemento no período 2012-2013) **e do Estado** (7,43 millóns de euros con vencemento 2012-2018).



No **2023**, por causas similares **reiteradas** ás que **nunca** se puxo **solución**, e logo do reparto de máis **dun millón de euros** entre os membros do **Consello de Administración**, procederon ao **despido** de **máis de 120** persoas.

E agora, **15 meses despois**, con **115 persoas** no cadro de persoal nas Pontes, Einsa vén de anunciar un novo **ERE** para un **despido colectivo** “*por causas económicas e produtivas*”, que **non respecta** os compromisos asinados no 2023 que, entre outras cousas, deberan **garantir** estes postos de traballo **até finais de 2026**.

Einsa foi a primeira empresa en asentarse no polígono de Penapurreira, no 1999, ao amparo do Plano de Desenvolvemento, acordo asinado pola Xunta, Endesa e as Organizacións Sindicais en resposta anticipada -10 anos antes- aos efectos laborais e económicos do peche da Mina. Foi facéndose cunha **superficie de máis de 116.000 m2 industriais**, a un **prezo moi vantaxoso**, logo de agrupar as 5 parcelas da súa titularidade mediante un convenio urbanístico co Concello no 2004.

O conxunto do **solo** e das **naves** supón un **activo moi importante**, sobre de todo nun concello sen oferta de chan industrial, e no que non hai ningunha alternativa de emprego real a concretar no curto prazo, mais si **responsabilidades políticas** que deben dar a cara e impedir as pretensións do “**pelotazo**” empresarial.



ENCE: ACLARACIÓNS PARA EVITAR A DESINFORMACIÓN

A publicación da Declaración de Impacto Ambiental favorable **non** é o **inicio** da construción do proxecto **BIOFIBRAS DE GALICIA de ENCE nas Pontes**, nin moito menos. Hai quen quere facer deste proxecto un oasis no deserto da posta en marcha de novos proxectos que, cando menos, deberan contrarrestar a destrución de empregos derivada do peche da Central; incluso pretenden utilizala para tapar a problemática e dramática situación en EINSA.

Declaración de impacto ambiental favorable para la biofábrica de Ence en As Pontes

LA VOZ
FERROL



La fábrica de Ence estará situada en el parque de carbones de la central de As Pontes, arriba, en foto de archivo JOSE PARDO



Dende a **CIG** facemos algunhas **aclaracións**, obtidas do propio texto da **Declaración publicada**, para valorar na súa xusta medida a **situación do proxecto**. Por exemplo:

- A Declaración só afecta a **unha parte da chamada Biofábrica**, nomeadamente a súa **primeira fase**, a da “*implantación dunha fábrica de pasta de papel reciclada onde se producirá **pasta branqueada** a partir de papel e cartón recuperado e/ou de residuos de papel e cartón, e as súas infraestruturas auxiliares (captación e condución de auga bruta, condución de vertedura, liña eléctrica e accesos)*”, para **almacenala e vendela**, **sen** incluír a **fabricación de papel**.
- **Tampouco** se contempla nesta Declaración o proxecto REGATEX de **recuperación de fibra téxtil da roupa** para mesturar coas vexetais recuperadas do papel e cartón.
- A **situación** do proxecto, nesta primeira fase, será na “*zona onde actualmente se encontra o **parque de almacenamento de carbón de Saá** da antiga central térmica e próximo ao lago das Pontes*”, non no da Central; polo tanto, “*deberá presentarse o certificado oficial de **descontaminación de solos** expedido por **Endesa**, en cumprimento das súas obrigas como titular da actividade industrial previa*”, situación que require dun trámite **complexo** e que podería ser de **medio-longo prazo**.
- Tamén considera a Declaración “*conveniente levar a cabo unha **avaliación conxunta** dos efectos acumulativos e sinérxicos das diversas actividades existentes e previstas na contorna do Lago ... análise que permitirá determinar con maior precisión o impacto global sobre os recursos hídricos da zona*”.
- Aspectos que poderían ser problemáticos como o **ruído**, os **olores**, as **emisións** ou a **calidade do aire**, tamén se comentan e se sinalan a ter en conta na seguinte etapa da **Autorización Ambiental Integrada**, aínda **por tramitar**, e que noutros casos menos complexos necesitou **dun ano**.

En definitiva, para a CIG compre **axustarse á realidade**, definida na propia Declaración de Impacto Ambiental, de consulta pública, e tamén **axustar as expectativas**, considerando que outros dos proxectos xa anunciados, aínda **sen** comezar a súa **construción**, obtiveron a súa Declaración hai tempo (**SENTURY** e **H2POLE** en **outubro de 2023**), ademais da **incerteza** que supón que ENCE quedara **fóra das axudas** de circularidade.

NOVOS PROXECTOS: SITUACIÓN ACTUAL

Dende que Endesa solicitou o peche da Central no **2019** foron **anunciándose proxectos** para crear emprego nas Pontes, con períodos moi **intensos na publicidade** -chega con consultar as hemerotecas-, incluso co **atrevemento e a desvergoña** de poñer **datas** para o comezo das obras, que **nunca se cumpriron**; para algún deles déronse auténticas batallas para “**apadriñalos**”, con uso e abuso de fotos e vídeos.

Co obxectivo de **informar** para logo tirar **conclusións**, dende a **CIG compartimos** os datos do seguimento nas **publicacións oficiais** de cada un dos proxectos, de xeito resumido no seguinte cadro, no que as cores indican o estado de tramitación administrativa de cada fase e subministración (vermello sen iniciar ou ausencia, amarelo en trámite ou posibilidades, verde rematada ou dispoñible) :

FASE-PROXECTO	Amadorio	Canerde	C.L.A.R.	Biofibras	H2Pole	Sentury	ESUH2
Proxecto Industrial Estratéxico (PIE)/Iniciativa Empresarial Prioritaria (IEP)				PIE	PIE	PIE	IEP
Ambiental (Declaración de Impacto Ambiental, DIA)				DIA	DIA	DIA	
Urbanística							
Auga							
Electricidade							
Autorización Ambiental Integrada (AAI)-Licenza					AAI		
Subvencións							
Prazo Execución (meses)	?	?	?	?	27	?	?
DECISIÓN FINAL DE INVESTIMENTO POLA EMPRESA	?	?	?	?	?	?	?
Inicio Explotación	?	?	?	?	?	?	?

Os proxectos son:

- Amadorio: bombeo reversible no lago, promovido pola empresa Magtel.
- Canerde: bombeo reversible no lago, promovido por Reganosa e EDP.
- C.L.A.R.: Centro Loxístico de Almacenamento Renovable, para proxectos da eólica, promovido por Enel na zona dos antigos talleres da Mina (Portorroibo).
- Biofibras: só a **primeira fase** do proxecto de Ence en Saá, xa que as outras dúas (planta de biomasa de 50 MW e fábrica de papel tisú) non teñen iniciado tramitación algunha.
- H2Pole: xeración de hidróxeno verde utilizando a auga do Lago, promovido por Reganosa na zona do Tesouro.
- Century: fábrica de pneumáticos utilizando caucho como principal materia prima, promovido pola chinesa Century Tire Spain na zona dos Codesás (o que foi a campá das palas das Somozas).
- ESUH2: xeración de hidróxeno verde utilizando a auga do Lago para logo producir amoníaco, promovido por EsuH2 Mjölñir, da corporación sueca Universal Kraft, que podería situarse nos terreos comprados hai anos polo Concello para o que daquela ía ser o **Parque Tecnolóxico da Vilabella**.

No caso dos proxectos dos **bombeos**, a concesión da auga do Lago foi solicitada primeiro por Canerde, mais no trámite de competencia adxudicouse a Amadorio; na actualidade, un cambio no deseño do proxecto -menor potencia e nova situación do embalse superior dende a Escombeira aos Teixedelos (?)-, provocou un novo trámite de **competencia**, aínda **sen resolver**, no que se rexistraron **máis proxectos**. Por outra banda, demandan electricidade renovable para o bombeo e verten á rede a xerada na turbinación, aspecto sen solución nas Pontes ata a posta en funcionamento da **subestación de Maciñeira**, aínda **sen construír**, xa que a da Central non ten capacidade dispoñible, segundo o **MITECO**, logo da **perda dos 1400 MW**.

PLANO DE DESENVOLVEMENTO - FUTUR E: NON HAI COR

En **abril de 2020**, meses despois de ter solicitado Endesa a autorización de peche da Central, asinábase en **Madrid, sen participación galega algunha, institucional e/ou sindical**, o chamado **Acordo Tripartito** ou da Transición Xusta, no que participaron o goberno do Estado (as **ministras de Transición e de Traballo**), os **sindicatos** tamén **estatais**, e as propietarias das centrais de carbón (entre elas **Endesa**).



As **empresas** comprometeron un “**plan de acompañamento**” ao peche, con **novos investimentos “cando resulten viables”**, **recolocacións** do persoal propio “**no caso de ser posible**”, “**propiciar**” a priorización nas contratacións para o persoal das **Auxiliares** -tamén nas novas actividades-, e o “**apoio**” na **procura “proactiva”** de **novos inversores** “*para construír novas iniciativas cunha **transición áxil** entre o peche das instalacións e a posible apertura doutras novas*”. No caso de Endesa é o seu **Futur-e** ou “*plan de futuro para As Pontes ... compromiso cun proceso de transición enerxética xusta e a creación de valor no entorno.*”

Segundo a súa **web** (<https://www.endesa.com/es/proyectos/todos-los-proyectos/transicion-energetica/futur-e/as-pontes>, 06/06/2025), inclúe o **desmantelamento da Central**, plans de **formación**, 1300 MW de **novos proxectos eólicos** “*para converter a capacidade da Central en nova potencia limpa*” -limpar limpárona, de certo-, a fábrica de **Sentury Tire**, a bioplanta de **Ence**, un acordo de venda de electricidade (**PPA**) a **Alcoa**, a conversión da terminal do **porto exterior de Ferrol** para cargas a granel (grao, minerais, outros), un **centro loxístico** estratéxico de mantemento eólico, e unhas instalacións de **xeración de hidróxeno verde de 100 MW** (da que xa anunciou o seu **abandono**, xunto con outra de **50 MW de biomasa**).

E logo de **5 anos**, que está a cumprir Endesa dos seus compromisos? Quen lle demanda o seu cumprimento?

A **CIG** xa incluía nas súas **demandas** na **Folga Xeral das Pontes de novembro de 2023**, e continúa a demandalo, un **novo Plano de Desenvolvemento**, o instrumento acordado entre a Xunta, Endesa, e os Sindicatos locais, 10 anos antes do peche da Mina, para evitar os seus efectos laborais e económicos negativos, que tivo **resultados moi positivos** non só no **emprego**, tamén en **estradas, chan industrial, ciclos de FP**, ..., no que os compromisos de Endesa foron **reais, concretos, e fiscalizados mes a mes**.

As Pontes
PLAN DE DESARROLLO ECONÓMICO

Plan de Desarrollo Económico-Industrial
para la Comarca de As Pontes (A Coruña)

EVOLUCIÓN CUANTITATIVA

	1997-2001		2001-2006
Nº PROYECTOS:	29		49
INVERSIÓN (MEuros):	138,2		244,28
EMPLEO CREADO:	826		1.276

As Pontes
PLAN DE DESARROLLO ECONÓMICO

Plan de Desarrollo Económico-Industrial
para la Comarca de As Pontes (A Coruña)

APOTACIÓN EN AYUDAS DE ENDESA A PROYECTOS DE INVERSIÓN

23.036.428€